1. Clasifica os seguintes adverbios e locucións adverbiais segundo o seu tipo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| adrede | debaixo | ás veces | a rentes |
| bastante | agora | devagar | de balde |

Lugar → ..................................................

Modo → ..................................................

Tempo → ..................................................

Cantidade → ..................................................

2. Rodea as preposicións deste texto.

Nas primeiras horas da mañá espertaban as actividades da cidade. Parece que a vila enteira lucía leda baixo o sol de agosto con mil bruídos dos oficios, co estrondo de augas das mil falas, coas linguas das torres, os estudos dos meditativos, o balbordo de pobo, as ambicións dos burgueses.

RAMÓN OTERO PEDRAYO: *A romaría de Xelmírez*, Editorial Nós

3. Relaciona os grupos de palabras coas conxuncións axeitadas.

| | | |
|---|---|---|
| Coñezo a rúa onde vive Enara | ou | un curmán de Tui. |
| Apetéceche un batido | pero | un zume de piña? |
| Non foron dous | e | tres os invitados. |
| Ademais de Anxa virá Óscar | senón | non sei o portal. |

4. Escribe unha situación na que utilizarías cada unha destas interxeccións.

Ai! ..................................................
..................................................

Puf! ..................................................
..................................................

Eh? ..................................................
..................................................

5. Completa estas oracións con sinónimos das palabras que se indican.

- Xa .................... *(atopamos)* onde se .................... *(escondía)* a pista.
- Hoxe .................... *(facer)* .................... *(o xantar)* levoume pouco tempo.
- A miña .................... *(prima)* Anahí é ben .................... *(espelida)*.

6. Forma o antónimo destas palabras engadíndolles un prefixo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| ..............par | ..............típico | ..............formal | ..............ocupar |
| ..............útil | ..............pechar | ..............posible | ..............lóxico |

7. Escribe un sinónimo e un antónimo para cada unha destas palabras.

empezar → .................... ....................

abundante → .................... ....................

tranquilo → .................... ....................

grave → .................... ....................

gustar → .................... ....................

principio → .................... ....................

LIVEWORKSHEETS